

Manifesto

digamos basta. NINGUÉN SEN FOGAR

Baixo o lema "*Sen saída? Perdidos nun sistema de protección social que non protexe*" celebramos o vindeiro 31 de outubro o Día das Persoas sen Fogar.

Tras 29 anos de campañas seguimos levantando a voz ante a grave situación de desprotección social e falta de oportunidades nas que nos atopamos miles de persoas en situación de sen fogar.

Garantir a protección social é un dereito fundamental para saír da situación na que nos atopamos. Teñen que existir medidas para previr as situacións de exclusión social; medidas para fortalecer e concretar o desenvolvemento e posta en marcha de políticas públicas que nos faciliten recursos e ferramentas para que sexa unha realidade que todas as persoas podamos vivir con dignidade nun fogar propio, en paz e permanente.

Todos os que nos atopamos nesta situación debemos ter as ferramentas necesarias para elaborar o noso proxecto de vida e soñarnos vivindo como cidadáns de pleno dereito.

Desde un enfoque de acceso aos Dereitos Humanos e, tal e como a nosa Constitución recolle, pedimos:

Ás administracións públicas:

- A existencia dun parque público de vivendas sociais para persoas e familias en situación de sen teito e sen vivenda no estado español. A vivenda é un instrumento fundamental para que alcancemos a condición de cidadáns con plenos dereitos.
- A existencia dun enfoque de políticas de emprego para persoas cun difícil acceso ao mercado laboral velando por unha formación axeitada. O emprego de calidade é unha fonte de inclusión social e de protección fronte á pobreza.
- Garantir a universalidade, gratuidade e o acceso do dereito á saúde de todos os cidadáns, especialmente, aos máis desfavorecidos. Os problemas de saúde poden ser tanto causa de exclusión social como efecto da mesma.

- Desenvolver unhas políticas públicas de prevención do senfogarismo, que se anticipen á perda do fogar e que garantan o acceso aos recursos axeitados.
- Unha garantía de ingresos que non só cubra as nosas necesidades básicas, senón que tamén nos permita gozar da cultura, do lecer e das redes sociais.
- Unha maior coordinación entre as institucións para paliar as consecuencias directas que teñen en nós e as nosas familias as distintas situacións de exclusión social nas que nos atopamos.

Aos medios de comunicación pedímosvos que a vosa capacidade de transmitir sexa unha ferramenta que nos axude a mellorar a nosa calidade de vida, sendo sensibles ás situacións que nos rodean, achegando á cidadanía a nosa realidade e desmitificando tantos estereotipos e prexuízos que tanto dano nos fan.

A vós, **os cidadáns** e veciños nosos, dicirvos que o senfogarismo é sempre unha vulneración de dereitos que ten solución. Superando prexuízos e medos convidámosvos a coñecer as distintas situacións persoais e sociais de moitos de nós, para que entre todos busquemos o benestar xeral por encima do particular. Que o compromiso social axude a ter unha sociedade máis xusta.

É responsabilidade de cada un comprender que non se elixe acabar na rúa e unha vez nela non é doada a saída, aínda que afortunadamente hai persoas e institucións que elixen acompañar a nosa vulnerabilidade, o noso momento actual, que dan voz e sensibilizan á sociedade para que haxa unha garantía de acceso aos dereitos e a unha protección social real.

**"E ti que dis? Digamos Basta!
NINGUÉN SEN FOGAR**



**Campaña de persoas sen fogar
31 de outubro de 2021**